

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro                        | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------------|----------|---------------|
| 15017880 | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz | Touro    | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial       | 2º ESO | 1                | 35             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 7             |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 7             |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 8             |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 8             |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 8             |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 9             |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 9             |
| 7.2. Actividades complementarias  | 10            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 10            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 11            |
| 9. Outros apartados   | 11            |

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CPI Fonte- Díaz situado en Touro ( a Coruña). A situación xeográfica do concello de Touro é de 42º 52' 1.51" Norte e 8º 18'13.543" Oeste, a 318 metros sobre o nivel do mar. Touro limita ao Norte co concello de O Pino, ao Leste con Arzúa, ao Oeste con Boqueixón e ao Sur co concello de Vila de Cruces, xa na provincia de Pontevedra, e co río Ulla facendo de fronteira tanto natural como administrativa. O estudo do medio económico céntrase, fundamentalmente, no estudo dos sectores de actividade. Nunha primeira observación das actividades realizadas no concello, pódese percibir o carácter agropecuario do mesmo, aínda que se incrementa a busca de novas actividades para aumentar a diversificación do sistema productivo, partindo, sobre todo, da especialización do sector primario e do subsector gandeiro. Se se fai unha evolución dos sistemas económicos vese como a partir dos anos setenta se produce no concello unha orientación da agricultura e a gandería cara a produción láctea. Iníciase así, cambios na estrutura e orientación das explotacións. O sector primario evolucionou negativamente, xa que pasou de supoñer o 72% no ano 1981, ó 47% no 1991 e no ano 2001 o 34%, o que denota unha brusca caída. O sector secundario incrementouse notablemente ata case duplicarse entre 1981 e 1991, do 15% ó 28%, onde a construción foi o subsector que máis se incrementou, fronte á industria que non medrou tanto e incluso diminuíu en certos casos. No ano 2001 o sector secundario supoñía o 35% da economía municipal. Finalmente o sector terciario tamén mostra un incremento, do 13% no ano 1981, ó 25% no ano 1991 e ó 31% no ano 2001. O concello presenta diversos centros locais e parte do emprego nos servizos públicos non é local, porque se materializa principalmente na cidade de Santiago de Compostela. Con esta primeira aproximación, perfílase un concello que, con base agraria, evolucionou cara outra, na que os sectores secundario e terciario teñen maior peso.

O grupo seleccionado de 2º ESO, está composto por 4 alumnos con idades comprendidas entre os 12 e 13 anos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD  | CPSAA | CC | CE    | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.   | 1   |    |      | 1   | 1-5   | 3  | 1-2-3 |      |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.   | 1-3 |    | 5    | 3   | 1-3   | 2  | 3     |      |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3  | 3    | 2-3 | 1-3   |    |       | 3-4  |

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

| UD | Título  | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Máis saúde, máis desenrolo. Vidas saudables   | A saúde e o benestar están directamente ligados á prosperidade das sociedades. Máis que nunca é importante prestar atención ao noso estilo de vida e ser conscientes da necesidade de asumir compromisos coa nosa saúde e a do planeta que habitamos. Observar cómo inflúen os actos cotiáns nas posibilidades de mellorar a saúde e o benestar.  | 25             | 11         | X        |          |          |
| 2  | A saúde: ser e estar. Dime ónde vives   | Nesta tarefa analizaremos o concepto de saúde desde un punto de vista físico, mental e social. Neste sentido, preténdese que o alumnado identifique aqueles hábitos de vida que permiten manter en bo estado a nosa saúde, como unha alimentación adecuada, a actividade física e as relacións sociais. Por último, contrastaranse datos relativos á saúde e a infancia. Tamén se analizará o impacto que ten o entorno onde vives na saúde e o papel que desempeñan a cidadanía e os gobernos na configuración dese entorno.   | 35             | 13         |          | X        |          |
| 3  | Sandar o mundo. Promovendo benestar. O benestar empeza aquí. Xunt@s sandamos mellor | Nesta tarefa traballaranse os principais desafíos para protexer a saúde en todos os lugares do planeta. O alumnado reflexionará sobre a importancia de manter relacións sexuais seguras para previr enfermidades de transmisión sexual (ETS), e tomará conciencia sobre a prevalencia no mundo de enfermidades cardíacas, pulmonares... Os centros educativos deben ser contornas seguras para o alumnado en todos os sentidos e os estudantes deben reivindicar estes espazos como un lugar promotor da saúde e do benestar de toda a comunidade, a través de diversas accións. Nesta tarefa aplicaranse medidas para acabar coa obesidade e o sedentarismo nos centros e trataranse outros temas relevantes para a saúde dos mozos, como o uso excesivo de dispositivos con pantallas, a importancia de contar con camiños escolares seguros ou os mitos sobre alcol. | 40             | 11         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                                | Duración |
|----|---|----------|
| 1  | Máis saúde, máis desenrolo. Vidas saudables | 11       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.  | Recoñecer a importancia da saúde no desenrolo persoal.                                      | PE | 70 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.                                       | Seleccionar recursos e materiais necesarios.  |    |    |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.   | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. |    |    |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.                                  | Temporalizar as distintas fases do proxecto.  | TI | 30 |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir.  |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                          | Duración |
|----|---------------------------------------|----------|
| 2  | A saúde: ser e estar. Dime ónde vives | 13       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución               | IA | %  |
|--|--------------------------------------|----|----|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.                     | Executar as actuacións planificadas. | PE | 60 |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados.   |    |    |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.                                | Valorar os resultados logrados.      |    |    |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución                    | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.                          | Empregar recursos e materiais necesarios. | TI | 40 |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas.         |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos                                     |
|--|
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|--|----------|
| 3  | Sandar o mundo. Promovendo benestar.O benestar empeza aquí. Xunt@s sandamos mellor | 11       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.   | Elaborar un proxecto sobre a promoción da saúde e o benestar no mundo. | PE | 50 |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.  | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.                |    |    |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                        | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.              | TI | 50 |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.       |    |    |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.                    | Potenciar as emocións positivas na exposición.                         |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.                 |
| - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Saúde e benestar".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, determinarase o tema sobre o que investigar. Algúns dos posibles temas son:

- O impacto que teñen no noso hábitat as condutas de consumo.
- Os hábitos de consumo máis perniciosos.
- Os recursos necesarios para fomentar hábitos de vida saudables.
- Os hábitos de vida na actualidade e hai uns anos
- A necesidade de promover desde os gobernos políticas de benestar

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, estableceranse os contactos pertinentes cos distintos axentes e entidades sociais:

- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas)
- Libros e outro material libre
- Consultas nos concellos

Nesta etapa, recolleranse datos e analizarase a información recompilada, establecendo comparativas entre aqueles días e o presente.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumno presentará o seu produto final.

Terá liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión no centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro, concello,....

Poderá elaborar, unha reportaxe gravada, unha exposición nos corredores...

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Matemáticas (estadísticas...)
- Tecnoloxía e Dixitalización (búsquas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial
- Educación en Valores Cívicos e Éticos.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación              |
|---------------------------|
| Ordenador.                |
| Cuadernillo de traballo   |
| Acceso á Aula Virtual     |
| Biblioteca do Centro      |
| Aula debidamente equipada |

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Acceso a Internet, á Aula Virtual, así como acceso á biblioteca do Centro.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>25</b> | <b>35</b> | <b>40</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 70        | 60        | 50        | <b>58</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 30        | 40        | 50        | <b>42</b>  |

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación: - PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo co plan de traballo. Escolla do tema e xustificación. Proba escrita - SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información. Vídeos, entrevistas, información recompilada e arquivada... Proba escrita - TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto. Proba escrita. Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avalíaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais.... A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente. De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado que durante este curso académico esté en terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, se lle exixirá o mesmo grao mínimo de consecución que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

Este alumnado, deberá facer e entregar un proxecto de temática libre. De este modo:

Na primeira avaliación entregará un dossier coa planificación e escolla da temática do proxecto.

Na segunda avaliación amosará as distintas fases de execución do proxecto.

Na terceira avaliación presentará o proxecto final.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avalíaranse aspectos como a realización de tarefas encomendadas, presentación,



orde, produtos finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura                   | X    |      |      |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita                 | X    |      | X    |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual                 | X    |      | X    |
| ET.4 - Competencia Dixital                      | X    |      | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial       |      | X    |      |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico |      | X    |      |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         | X    | X    | X    |
| ET.8 - Igualdade de xénero                      | X    | X    | X    |
| ET.9 - Creatividade                             |      | X    |      |

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                        | Descrición                        | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------------------------|-----------------------------------|----------|----------|----------|
| Participación na semana cultural. | Difusión informativa do proxecto. |          |          | X        |

### Observacións:

Exposición e explicación do proxecto na aula.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico         |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas.  |
| Metodoloxía empregada  |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.                 |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.  |
| Medidas de atención á diversidade  |
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.   |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades. |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.                                    |
| Clima de traballo na aula  |
| Participación activa de todo o alumnado.   |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais                   |
| Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.                                    |

### **Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das etodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

### **9. Outros apartados**